



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE DIXITALIZACIÓN E INNOVACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Santiago de Compostela [data/sinatura dixital]

### REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG nº 190, do 18 de setembro), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Doutra parte, D. Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, en nome e representación dela e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 5/2020 do 9 de xaneiro (DOG nº 7, do 13 de xaneiro de 2020), no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica de universidades 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e no artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, (DOG do 17 de outubro)

Ambas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para a formalización do presente convenio e aos efectos

### EXPOÑEN

A situación de crise sanitaria xerada pola irrupción do virus COVID-19 e a consecuente declaración do estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e as sucesivas prórrogas do mesmo, puxeron de manifesto, entre outras, a necesidade de adaptación ás novas circunstancias creadas pola pandemia.

Nestas circunstancias, as universidades galegas e a administración autonómica realizaron un esforzo de coordinación para levar a cabo as adaptacións precisas que fixeran posible garantir o desenvolvemento da actividade do SUG coa máxima eficiencia e rigor. Concretamente, a Secretaría Xeral de Universidades ditou sendas instrucións, o 6 de abril e o 30 de xuño de 2020, de aseguramento da calidade da docencia non presencial e de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2020/2021.

Así mesmo, o 19 de outubro de 2020, asinouse un convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as tres universidades do SUG polo que se achegou un total de 3.000.000 € destinados a reforzar ás institucións universitarias para afrontar os gastos imprevistos orixinados pola pandemia.





A actuación das universidades centrouse en tres eixos: mellorar as infraestruturas TIC e a formación en competencias dixitais do persoal; colaborar coas autoridades sanitarias entregando material e adaptando laboratorios e produción de artigos útiles para a loita contra a pandemia; e cubrir a fenda dixital de parte do estudiantado universitario.

As medidas postas en marcha permitiron o normal desenvolvemento das actividades propias das universidades tanto para finalizar o curso 2019/2020 como para abordar con normalidade o seu funcionamento no presente curso 2020/2021. Non obstante, é necesario avanzar na transformación dixital e a innovación destas institucións de xeito que se consoliden e melloren os cambios realizados ata o momento e que se viron acelerados, forzados pola situación de crise sanitaria, que debe verse como unha oportunidade para facer do noso sistema universitario o protagonista dun futuro construído en base ao coñecemento e a innovación.

A universidade é un pilar do desenvolvemento da innovación nas economías avanzadas e, como tal, debe asumir a necesidade de adaptación permanente aos cambios producidos nun contorno cada día máis globalizado. Só deste xeito poderá dar resposta ás necesidades e desafíos da sociedade.

A Xunta de Galicia, consciente da necesidade de tomar medidas para apoiar a reactivación económica, incluíu na Lei 3/2021, de 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, diversos recursos financeiros que apostan por modernizar e impulsar unha serie de procesos de reformas estruturais na nosa economía de xeito que a fagan máis resistente e competitiva, adaptándose aos requirimentos das transicións verde e dixital. En concreto, prevese a achega dun crédito de dez millóns de euros de fondos propios adicionais coa finalidade de promover a dixitalización e innovación do Sistema universitario de Galicia.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades así como a coordinación do sistema universitario, tal e como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, e se especifica no Decreto 198/2020, de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A Universidade da Coruña é unha institución pública, dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume as súas funcións como servizo público, gozando de autonomía con ese fin, no marco da Constitución e das leis.

Neste marco, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a adopción de medidas de dixitalización e innovación do Sistema universitario de Galicia, segundo as seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.-** Obxecto





O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración, entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña (en adiante UDC) para a adopción de medidas de dixitalización e innovación do Sistema universitario de Galicia.

O orzamento destinado a tal fin será de 2.800.000,00 €, distribuído entre as actuacións que se resumen no seguinte cadro:

<b>ACTUACIÓNS</b>	
1. Dixitalización	670.000,00 €
2. Innovación ou renovación tecnolóxica	1.653.000,00 €
3. Infraestruturas	477.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.800.000,00 €</b>

## **SEGUNDA.- Actuacións**

As accións serán determinadas pola UDC en función das peculiaridades e necesidades específicas, de acordo coa súa autonomía de xestión, centrándose o uso dos fondos, en todo caso, na realización de medidas de dixitalización e innovación do SUG.

As actuacións que poderán ser financiadas serán as seguintes:

### **1) DIXITALIZACIÓN**

#### **1.1 Mellora da contorna dixital para a docencia e dixitalización da xestión académica**

Trátase de mellorar a potencia dos sistemas de videoconferencia, as prestacións do traballo colaborativo e comunicación, os accesos remotos aos sistemas da UDC para permitir o teletraballo así como os escritorios virtuais, potenciar e asegurar a conectividade de todos os usuarios.

Inclúe tamén a implantación do sistema de xestión académica que dea soporte ás tarefas relacionadas coa ordenación docente e á xestión académica completa dos expedientes do alumnado da institución.

#### **1.2 Soporte para equipamento informático CPDs, redes e software**

Levaráanse a cabo labores de mantemento de equipos informáticos, redes, equipos, software, centros de procesamento de datos (CPDs).

#### **1.3 Instalacións e sistemas para proceso de información ou equipos de microinformática**

Neste apartado as accións previstas son as seguintes:

- Instalacións: Obras de instalación de infraestrutura de canalizado e compoñentes do cableado, estrutura do cableado de tomas de voz e datos; manguerías FO; antenas; tarxetas de rede; acondicionamento racks; baterías; instalación de interconexión dos





centros de datos e outros elementos similares e todos aqueles sistemas, elementos ou dispositivos que permitan a mellora da dixitalización.

– Sistemas para proceso de información: Racks de comunicacións; sistemas ou equipos de videoconferencia Teams; Nvidia Tesla T4, Ready Note; pantallas portátiles e soportes con rodas para teletraballo ou teleformación; discos duros ou memorias; servidores que permitan ampliar a capacidade de almacenamento ou de procesamento da información; conmutadores para equipos; arañet basestation; raspberries; equipos de balanceo de servidores, subministración de SAIs; memorias para VDI; novas cabinas de backup; novos equipos informáticos para reforzar os servizos centrais, e todos aqueles sistemas, elementos ou dispositivos electrónicos que permitan a mellora da dixitalización.

#### **1.4 Estudos técnicos, asesorías técnicas ou servizos especializados**

Esta actuación inclúe estudos técnicos e/ou asesorías técnicas realizadas por empresas especializadas ou servizos de consultaría especializados no eido da dixitalización.

## **2) INNOVACIÓN OU RENOVACIÓN TECNOLÓXICA**

A finalidade desta actuación é a potenciación da administración electrónica e a transformación dos servizos, a formación en competencias dixitais e a renovación tecnolóxica dos servizos centrais.

As actividades programadas estarán orientadas a:

### **2.1 Renovación tecnolóxica dos servizos centrais ou dos centros docentes**

Este apartado concrétese no seguinte:

- Licenzas: Despregamento ilimitado dos produtos software de Oracle; licenzas software e outras que poden variar en función das características ofertadas, da súa adecuación aos sistemas informáticos da Universidade ou da súa temporalidade.
- Ciberseguridade: Antivirus; revisión e diagnose das plataformas existentes e clientes de escritorios virtuais; servizos de mellora da seguridade da plataforma e revisión do estado de ciberseguridade; licenzas e asistencia técnica para o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade.
- Estudos técnicos, asesorías técnicas realizadas por empresas especializadas ou servizos especializados de consultoría no eido dos procedementos electrónicos.
- Pequeno equipamento para teletraballo ou teleformación: Auriculares con ou sen micro; webcam; material e cable HDMI; compoñentes e dispositivos electrónicos portátiles (kits de teclado, ratos e candados antirobo, compoñentes informáticos...); material de telefonía; discos de alta capacidade ou para cabinas de almacenamento; sistemas inalámbricos; sistemas para facer copias de seguridade; lectores, memorias e replicadores de portos, lectores de códigos e outros modelos que poden evolucionar no mercado.
- Dotación de equipamento informático en diferentes aulas NET, laboratorios e sistemas para procesamento da información para favorecer a dixitalización e mellorar o acceso en





remoto ás persoas usuarias que precisan realizar teleformación ou teletraballo, seguir ensinanza on-line ou teletraballo.

## 2.2 Competencias dixitais e recursos bibliográficos

Inclúe a formación en competencias dixitais, subministración e xestión de publicacións periódicas estranxeiras, acceso electrónico a sistemas de bases de datos e recursos bibliográficos electrónicos.

## 2.3 Administración electrónica

Trátase de dar soporte, mantemento correctivo e evolutivo ou poder integrar ao sistema algúns módulos das diferentes aplicacións informáticas de xestión académica, da investigación, voto electrónico, servizo de apoio da Oficina de Software Libre, aplicación Turnitin, MatLab e SPSS. Inclúe tamén os servizos da rede conmutación datos UDC, mantemento adaptativo, evolutivo e correctivo de software de nóminas e mantemento de Universitas XXI económico para prestación de servizos da dita aplicación.

## 3) INFRAESTRUTURAS

### 3.1 Infraestruturas menores

A finalidade desta acción é potenciar a ventilación, acondicionamento ou reformas de espazos, mellora das instalacións coa finalidade de adaptarse ás novas esixencias de accesibilidade, seguridade, saúde e prevención de riscos.

Entre as diferentes actuacións destacan as seguintes:

- Mellora dos sistemas de ventilación natural, recuperadores de aire, estruturas metálicas que teñan por obxecto favorecer a ventilación dos diferentes espazos en cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos. Inclúese nesta categoría unha actuación específica de ventilación na Casa do Francés e no edificio de Xoana Capdevielle, ambas no Campus de Elviña.
- Renovación de instalación de climatización ou ventilación en despachos e aulas magnas para a mellora da ventilación, da calidade do aire en cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos.
- Instalacións: aparellos elevadores, recuperadores de calor, instalacións de gas radón, acometida metálica, torno que facilitan o acceso e mantemento da distancia de seguridade, etc.
- Acondicionamento e reforma de novos espazos en laboratorios, bibliotecas, aulas de estudo, melloras en centros de investigación ou espazos administrativos. Inclúese unha actuación específica de reforma no edificio da Facultade de Ciencias da Saúde, selado de paneis prefabricados, sistemas repelentes para prevención de riscos e saúde, e rampas para a mellora da accesibilidade.





- Melloras nas beirarrúas, viais, corredoiras, traballos de albanelaría, escaleiras metálicas, carpinterías, mellora nas portas, carpintería metálica, videoporteiros.
- Melloras, renovacións, reparación de filtracións e impermeabilizacións en cubertas e fiestras e mellora dos sistemas de verteugas ou de evacuación de augas, rehabilitacións, e substitución de baixantes e canalóns en diferentes edificios da UDC.

### 3.2 Actuacións de mellora da eficiencia enerxética

Trátase de actuacións de mellora da eficiencia enerxética en diferentes edificios consistente en certificacións enerxéticas, informes ou estudos técnicos, proxectos ou anteprojectos de mellora de eficiencia enerxética, controis arqueolóxicos, direccións facultativas de obra en diferentes edificios ou construcións. Tamén se inclúen reformas parciais e integrais, ampliacións ou melloras en edificios e outras construcións, centros de ensinanza ou de investigación.

#### TERCEIRA.- Distribución dos fondos

A distribución dos fondos para determinar a contía correspondente a cada universidade resultará de aplicar a media das porcentaxes do número de créditos auditados nos anos 2019, 2020 e 2021, que serve de base para a determinación do Custe estándar do Fondo estrutural do Plan Galego de Financiamento Universitario.

Unha vez aplicado dito criterio, resulta o seguinte reparto:

UNIVERSIDADE	%	IMPORTE 2021
UDC	28,00	2.800.000,00
USC	40,40	4.040.000,00
UVIGO	31,60	3.160.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>100,00</b>	<b>10.000.000,00</b>

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Universidades, achegará á UDC a cantidade total de **2.800.000,00 €** para a realización das actuacións descritas na cláusula segunda do presente convenio.

#### CUARTA.- Orzamento e financiamento

Para a realización das actividades descritas neste convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Universidades, achegará á UDC a cantidade de dous millóns oitocentos mil euros (**2.800.000,00 €**), con cargo ao capítulo VII do seu orzamento, aplicación orzamentaria 10.20.422C.744.3, denominada “Dixitalización e innovación do SUG” (código de proxecto 2021 00053), na que está previsto crédito necesario e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de





subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Esta cantidade de 2.800.000,00 € trátase dun importe certo, e queda por conta das partes beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución das actividades subvencionadas, debendo ser reintegrado ao financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

#### **QUINTA.-** Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2021.

#### **SEXTA.-** Compromisos das partes

1.- A UDC, como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:

- a) Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, realización das actividades e o seu custo real.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda concedida.
- e) Comunicar á Secretaría Xeral de Universidades a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- f) Cumprir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.





g) Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devindicados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2.- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Universidades, asume os seguintes compromisos:

- a) Aportar a achega económica estipulada no presente convenio.
- b) Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria.

### **SÉTIMA.-** Xustificación e pagamento da subvención

Para o pagamento da subvención, a universidade achegará antes do 30 de novembro de 2021 a seguinte documentación:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Unha memoria explicativa que certifique as actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desagregar de forma individualizada cada unha das accións realizadas con cargo ao convenio cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a UDC deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas e documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias, ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lles poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).





### **OITAVA.-** Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagos a conta. Os pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, de conformidade co disposto no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

Para proceder ao seu pagamento a UDC deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula anterior.

A UDC está exenta da obriga de constituír garantías para os pagamentos a conta, de conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do regulamento antes mencionado.

### **NOVENA.-** Perda do dereito ao cobramento da subvención

1.- Producirase a perda do dereito da UDC ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2.- Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

### **DÉCIMA.-** Compatibilidade

A subvención prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





#### **DÉCIMO-PRIMEIRA.-** Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades obxecto deste convenio e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de tal xeito que non se lle pode esixir á consellería ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

#### **DÉCIMO-SEGUNDA.-** Comisión de seguimento

Para o seguimento do presente convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres persoas da Secretaría Xeral de Universidades, das que unha actuará como presidente/a.
- Tres persoas da/s unidade/s da UDC responsable/s das accións obxecto do presente convenio.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO-TERCEIRA .-** Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital da última persoa asinante e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2021.

#### **DÉCIMO-CUARTA.-** Causas de resolución

1.- O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.





2.- Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) O incumprimento do seu obxecto.
- b) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- c) A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- d) O mutuo acordo das partes asinantes.

### **DÉCIMO-QUINTA.-** Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia corresponde á Xunta de Galicia, a través da consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión...

Asínanse convenios singulares coas outras universidades públicas do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrència competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a UDC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedementais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á consellería por medio da Comisión de Seguimento.





## DÉCIMO-SEXTA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidesen facer os peticionarios no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006 do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

## DÉCIMO-SÉTIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese, en canto a súa interpretación e desenvolvemento, polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sen prexuízo do anterior, as partes comprométense á resolución amigable das discrepancias que puideran xurdir respecto da interpretación, modificación, resolución e cumprimento do presente convenio, que serán resoltas pola Comisión de Seguimento.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.





Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Julio Ernesto Abalde Alonso

Reitor da Universidade da Coruña

